

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

Ficha documental da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 31/12/1964

Colección:

Data: 31/12/1964

De:

Luis Bouza-Brey;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Praza de Calvo Sotelo, 2-1º (de enderezo), Vilagarcía de Arousa (municipal), O Salnés (comarcal)

Destino:

General Moscardó, 10, 2ªA (de enderezo), Madrid (local), Madrid (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita con sinatura autógrafa e con membrete profesional: ABOGADO DE LOS ILUSTRES COLEGIOS DE LA CORUÑA Y PONTEVEDRA].

Mencionados:

Ramón Martínez López;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luis Bouza-Brey, a Lois Tobío Fernández do 31/12/1964

Luis Bouza-Brey Trillo
ABOGADO
DE LOS ILUSTRES COLEGIOS DE
LA CORUÑA Y PONTEVEDRA

PLAZA DE CALVO SOTELLO 2-1º
TELEFONO, 139
VILLAGARCIA DE AROSA
(PONTEVEDRA)

31 de Nadal de 1964

Sr. D. Luís Tobío Fdez.
Madrid.

Meu querido e recordado amigo:

O que sempre estou pra facer, cumpro agora. Ahí che vai unha fotografía das nosas "bodas de prata". De todolos que rematamol-a carreira no ano 1928. Moitos non sei como se chaman, pois son aínda os de "libre", os de xaneiro do 28 i-os de setembro do mesmo ano, que adiantáronse. Chaméi-nos a todos, pois... tiña saudade daqueles tempos e, aínda nese ano: 1953, había certos desapegos, restoballos da malfadada guerra civil, onde caseque todos estiveron, Eu non.

A ti tamen che escribín; seica andabas polo Uruguay, mais a carta chegoume de volta, pois non sabía a tua dirección, non souben a quen preguntar e mandeina suplicada á Radio, onde pouco dinantes ti falaras.

Logo, Martul, deume a noticia da túa chegada a Madrid i-a túa dirección. Esto aínda fai pouco tempo. E díxome que este ano virías á Toxa. Alí pensamos irte ver, e fumos Martínez López e máis eu, o día 26 de agosto; pero, polo visto, alí estiveches deica o 20, ou cousa así, de ese mes. O caso é que sei de ti, pero non sei como agora representas. Somo vellos xa, Luis.

Ben. Non voltei a Madrid dende o ano 36; máis penso ire calquer día, un día calisquer, pois teño facilidade xa que un industrial de eiquí vai cada mes duas ou tres veces e sempre me está a invitar. Estou moi preso pola profesión, e polo desgano de ver Madrid, onde xa non teño contaíto algún despois de sete anos que alí pasei. Pero teño ganas de te ver, así que xa verei de coller pulo. Dame o teu teléfono e dime a hora máis axeitada pra te chamar. Falaremos un pouco, calaremos moito tempo (eu, coma decote, non sei moito que decir) i-eu cumprirei un anxeio.

E polo de agora nada mais. Unha fonda, fonda e verdadeira aberta saudora, de teu vello amigo

Luís Bouza-Brey [sinatura autógrafa]

Eu, non estou na fotografía.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.